

Dominio público e Creative Commons

1. Dominio público
2. Convenio de Berna
3. Creative Commons
4. Licenzas Creative commons
5. Obras derivadas
6. Mera fotografía
7. Créditos das imaxes empregadas



Documento no dominio público, sen restricións. Agás os textos da Wikipedia e Commons, que son Cc-by-sa-3.0



e os textos de Creative Commons que son Cc-by-3.0




Os créditos das imaxes están no apartado 7

1. Dominio público

Por dominio público enténdese a situación en que están as obras literarias, artísticas ou científicas cando as mesmas carecen de titularidade ou, aínda con titularidade expresa, permiten a utilización da obra sen ningún tipo de restricións.

Unha obra, en España, está no dominio público cando se dá unha das seguintes circunstancias:

- Sen se tratar dunha **obra derivada**, o autor indica **publicamente e por escrito** que a obra está no dominio público sen restricións.
- A obra estará no dominio público a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte a transcorrer 70 anos da morte do autor (post mortem auctoris).
- Se a obra está permanentemente na vía pública (esculturas e edificios fundamentalmente), circunstancia coñecida como “liberdade de panorama”
- As consideradas “Meras fotografías” teñen outras condicións que veremos máis adiante



Gustave
Eiffel

En Francia non hai “liberdade de panorama”. En 1923 morreu Alexandre Gustave Eiffel, polo que a Torre Eiffel está no dominio público. Pero hai que ter olo, porque a iluminación nocturna ten dereitos de autoría. Non se pode publicar unha foto da torre sen permiso por escrito se a iluminación está acesa.



2. Convenio de Berna

O [Convenio de Berna](#) para a Protección das Obras Literarias e Artísticas, é un tratado internacional sobre a protección dos dereitos de autor.

O artigo 5.2 do Convenio de Berna indica que non é preciso ningún requisito para que calquera obra teña copyright. De tal circunstancia dedúcese que as obras que deambulan por Internet sen licenza teñen todos os dereitos reservados.

Contido do convenio

(na [Wikipedia galega](#))

Os tres principios básicos son os seguintes:

1. As obras literarias orixinadas nalgún dos estados contratantes poderán recibir en cada un dos demais estados contratantes a mesma protección que estes outorgan ás obras da súa propia cidadanía.
2. Esa protección non debe estar condicionada ao cumprimento de formalidade ningunha.
3. Esa protección é independente da existencia dunha protección correspondente no país de orixe da obra. Porén, se un estado contratante prevé un prazo máis longo que o mínimo prescrito pola convención, e a obra deixa de estar protexida no país de orixen, a protección pode serlle negada unha vez que cese a protección no país de orixe.



Países que asinaron o Convenio de Berna

3. Creative Commons

Creative Commons é unha ONG que pretende facilitar, mediante un modelo legal, tanto a distribución como o emprego de información e materiais que pertencen ó dominio público.

Creative Commons achega ó usuario ou creador unha serie de licenzas que empregan os seguintes conceptos¹:



Recoñecemento (“atribution”): En calquera explotación da obra autorizada fara falla recoñecer a autoría. Habitualmente márcase na licenza co termo “**by**”

BY



Non comercial (“Non commercial”): A explotación da obra queda limitada a usos non comerciais. A licenza márcase co termo “**nc**”

NC



Sen obras derivadas (“Non derivative works”): A explotación da obra non inclúe a creación de obras derivadas. A licenza márcase co termo “**nd**”

ND



Compartir igual (“share alike”): A explotación autorizada inclúe as obras derivadas sempre que se compartan coa mesma licenza. A licenza márcase co termo “**sa**”

SA

¹ [Explicación das licenzas de Creative Commons](#) (en español)

4. Licenzas Creative Commons²



Recoñecemento (by): Permítese calquera explotación da obra, incluíndo unha finalidade comercial, así como a creación de obras derivadas, a distribución das cales tamén está permitida sen ningunha restrición. Solícítase con esta licenza recoñecemento da autoría.

Cc-by-3.0



Recoñecemento - NonComercial (by-nc): Permítese a xeración de obras derivadas sempre que non se faga un uso comercial. Tampouco se pode utilizar a obra orixinal con finalidades comerciais. Solícítase con esta licenza recoñecemento da autoría.

Cc-by-nc-3.0



Recoñecemento - NonComercial - Compartirlgual (by-nc-sa): Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales débese facer cunha licenza igual á que regula a obra orixinal. Solícítase con esta licenza recoñecemento da autoría.

Cc-by-nc-3.0



Recoñecemento - NonComercial - SenObraDerivada (by-nc-nd): Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas. Solícítase con esta licenza recoñecemento da autoría.

Cc-by-nc-nd-3.0



Recoñecemento - Compartirlgual (by-sa): Permítese o uso comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales débese facer cunha licenza igual á que regula a obra orixinal. Solícítase con esta licenza recoñecemento da autoría.

Cc-by-sa-3.0



Recoñecemento - SenObraDerivada (by-nd): Permítese o uso comercial da obra pero non a xeración de obras derivadas. Solícítase con esta licenza recoñecemento da autoría.

Cc-by-nd-3.0

*² Datos baseados case literalmente sobre os da páxina sobre as licenzas de [Creative Commons](http://creativecommons.org/licenses/by-3.0/) (en español), páxina con licenza Cc-by-3.0.

* Para ver o código legal de Creative commons, véxase <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.5/es/legalcode.gl> (en galego).

5. Obras derivadas

Segundo Creative commons (véxase [aquí](#))

Considérase "**obra derivada**" aquelas que estean baseadas nunha obra ou nunha obra e outras preexistentes, tales como traducións e adaptacións; as revisións, actualizacións e anotacións; os compendios, resumos e extractos; os arranxos musicais e; en xeral, calquera transformación dunha obra literaria, artística ou científica, salvo que a obra resultante teña o carácter de obra conxunta, caso no que non será considerada como unha obra derivada aos efectos desta licenza. Para evita-la dúbida, se a obra consiste nunha composición musical ou gravación de sons, a sincronización temporal da obra cunha imaxe en movemento ('synching') será considerada coma unha obra derivada ós efectos desta licenza.

Para máis datos sobre obras derivadas, pódese ler, inda que é un texto referente fundamentalmente a fotografía, pero clarificador, o dito en [Commons:Obras derivadas](#)



5. Obras derivadas 2

Agúns datos presentes en [Commons: Obras derivadas](#) (Cc-by-sa-3.0):

- Unha 'obra derivada' é unha obra baseada nunha ou máis obras pre-existentes, como unha tradución, arranxo musical, dramatización, ficionalización, versión de película, rexistro sonoro, reprodución artística, compendio, resumo, ou calqueira outra forma na cal unha obra poida ser refeita, transformada, ou adaptada. Unha obra que consista en revisións editoriais, anotacións, re-elaboracións, ou outras modificacións, as cales en conxunto, representen unha obra orixinal, é unha 'obra derivada'.
- Ao contrario ca unha copia exacta dunha obra, que non xera por si mesma un novo copyright, unha obra derivada si dá lugar a novos dereitos. En todo caso, os dereitos de autor da obra orixinal permanecen. A persoa propietaria dos dereitos, poñamos por caso, un boneco animado de Darth Vader ou unha estatua de Picasso, ten o dereito exclusivo para crear obras derivadas. Iso inclúe fotografías da obra, posto que (como as decisións xudiciais refrendan) ese é un aspecto do seu traballo que o autor(a) pode desexar explotar comercialmente.
- Cando realiza unha fotografía ou un vídeo, vostede adquire os dereitos da súa propia obra (a fotografía ou o vídeo). Ao mesmo tempo, os dereitos do orixinal seguen existindo e non desaparecen. Se publica a fotografía, ou a película, está facendo algo que só o propietario do copyright orixinal pode facer. Iso é porque non pode utilizar a propia fotografía dun traballo con copyright (excepto como fair use/uso lexítimo) a non ser que o creador do orixinal outorgue o seu permiso para facelo.

6. Mera fotografía

A Wikipedia española expresa o seguinte sobre as [meras fotografías](#):

Las denominadas por la Ley de la Propiedad Intelectual española, en su artículo 128, "meras fotografías", es decir, fotografías o imágenes análogas a la fotografía, cuando no hayan sido incorporadas a obras literarias o científicas, pueden ser distribuidas, reproducidas o explotadas por su autor hasta los 25 años. Este término se cuenta desde el 1 de enero del año siguiente a la fecha de realización de la fotografía o reproducción. Obviamente no se menciona la propiedad moral de las fotografías, que se rige por su regulación específica y es inalienable e irrenunciable.

Aínda que as palabras anteriores son escuras, semella quedar claro que non debería pretenderse que aquelas imaxes publicadas en internet polo seu propio autor puidesen ser consideradas “meras fotografías”.

Xa que é habitual que os internautas e blogueiros non respecten dereitos de autoría, se se empregan imaxes procedentes de internet, debe asumirse a propia responsabilidade pois, ó fin e o cabo, calquera imaxe, segundo o convenio de Berna, que non exprese licenza, ten todos os dereitos reservados

7. Créditos das imaxes empregadas

Calcando nas ligazóns **vermellas** accédese ós créditos das imaxes empregadas



Alexandre Gustave Eiffel

This image (or other media file) is in the [public domain](#) because its copyright has expired.



Icona do dominio público

This file is **ineligible for copyright** and therefore in the [public domain](#), because it consists entirely of information that is common property and contains no original authorship.




Países que asinaron o Convenio de Berna

© Cc-by-sa-3.0




Conceptos Creative Commons

© Cc-by-3.0



Obra derivada

© Cc-by-sa-3.0



Licenzas Creative Commons

© Cc-by-3.0